

1. Identificación da programación**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015767	Politécnico de Santiago	Santiago de Compostela	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SEA	Seguridade e medio ambiente	CSSEA04	Química e saúde ambiental	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1554	Unidade de saúde ambiental	2024/2025	4	87	87

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARIA ADELINA CALVIÑO LOIRA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Os aspectos básicos do currículo fíxanse no Real Decreto 283/2019, de 22 de abril, polo que se establece o título de Técnico Superior en Química e Saúde Ambiental.

A competencia xeral do título de Técnico Superior en Saúde Ambiental consiste en vivir e controlar os efectos sobre a saúde dos factores de risco ambiental e alimentario, participar na posta en marcha e o desenvolvemento de sistemas de xestión ambiental e intervir en programas de educación para a saúde pública e comunitaria baixo a supervisión, no seu caso, do superior responsable, de acordo cos protocolos establecidos, respectando a normativa de referencia en condicións de calidade e seguridade.

As persoas que obteñen este título exercen a súa actividade principalmente no ámbito sanitario dentro da área da saúde pública ou privada, naqueles sectores produtivos potencialmente contaminadores e na administración nacional, autonómica e local en servizos relacionados coa saúde e/ou o medio ambiente. Poden formar parte de equipos de inspección sanitaria, de laboratorios de análises, centros de investigación, centros universitarios, explotacións agrarias, empresas de servizos de control ambiental. Cando traballan por conta allea, dependen xerárquica e funcionalmente dun superior responsable e colaboran, no seu caso, cos responsables doutros departamentos. Cando traballan no ámbito da saúde, a súa actividade profesional está sometida a regulación pola Administración competente.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos do ciclo formativo:

- a) Xestionar unidades de saúde ambiental e a documentación normativa de sistemas de xestión ambiental aplicando plans de control, vixilancia e seguridade.
- b) Asegurar a rastrexabilidade dos procesos elaborando e rexistrando a documentación xerada no soporte establecido.
- c) Adaptarse ás novas situacións laborais, mantendo actualizados os coñecementos científicos, técnicos e tecnolóxicos relativos ao seu contorno profesional, xestionando a súa formación e os recursos existentes na aprendizaxe ao longo da vida e utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.
- d) Resolver situacións, problemas ou continxencias con iniciativa e autonomía no ámbito da súa competencia, con creatividade, innovación e espírito de mellora no traballo persoal e no dos membros do equipo.
- e) Organizar e coordinar equipos de traballo con responsabilidade e supervisar o seu desenvolvemento, mantendo relacións fluídas, asumindo o liderado e achegando solucións aos conflitos grupais que se presenten.
- f) Comunicarse con iguais, superiores, clientes/as e persoas baixo a súa responsabilidade, utilizando vías eficaces de comunicación, e transmitir a información ou os coñecementos adecuados, respectando a autonomía e a competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo.
- g) Xerar contornos seguros no desenvolvemento do seu traballo e no do seu equipo, supervisando e aplicando os procedementos de prevención de riscos laborais e ambientais, de acordo co establecido pola normativa e cos obxectivos da empresa.
- h) Supervisar e aplicar procedementos de xestión de calidade, de accesibilidade universal e de deseño para todas as persoas nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.
- i) Realizar a xestión básica para a creación e o funcionamento dunha pequena

empresa e ter iniciativa na súa actividade profesional con sentido da responsabilidade social.

j) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas da súa actividade profesional, consonte o establecido na lexislación vixente, participando activamente na vida económica, social e cultural.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Servizos de sanidade ambiental		16	19
2	Documentación científico técnica		16	19
3	Xestión e control de almacén. Seguridade e hixiene		16	19
4	Preparación, posta en marcha e mantemento de equipamentos		16	19
5	Elaboración de informes. Estadística aplicada		23	24

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Servizos de sanidade ambiental	16

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica obxectivos e funcións da unidade de saúde ambiental, relacionando a prestación de servizos coa estrutura organizativa do sector sanitario	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Definíronse os trazos fundamentais do sistema sanitario español, salientando as particularidades dos sectores público e privado
CA1.2 Relacionáronse as competencias de ámbito sanitario galego coas das administracións públicas do Estado e da Unión Europea
CA1.3 Especificáronse as competencias de saúde ambiental de cada Administración
CA1.4 Descríbiuse a estrutura organizativa e funcional dos centros, das unidades e dos servizos de saúde ambiental
CA1.5 Identificáronse os servizos de sanidade ambiental
CA1.6 Descríbiuse o proceso de prestación do servizo nunha unidade de saúde ambiental
CA1.7 Explicáronse as funcións e as competencias do técnico Superior en Química e Saúde Ambiental
CA1.8 Analizouse a normativa de saúde ambiental e ambiente

4.1.e) Contidos

Contidos
Sanidade no ámbito da Unión Europea.
Sistema sanitario español. Sectores público e privado da sanidade. Servizo Galego de Saúde (SERGAS).
Competencias en saúde ambiental.
Fluxos de información entre institucións sanitarias.
Organización de centros, unidades e servizos de saúde ambiental. Función e competencias do técnico superior en Química e Saúde Ambiental.
Servizos de sanidade ambiental.
Prestación do servizo en saúde ambiental e ambiente.
Normativa comunitaria, estatal, autonómica e municipal en materia de saúde ambiental.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Documentación científico técnica	16

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Xestiona a documentación técnica da unidade, utilizando programas de xestión documental e sistemas de rexistro e arquivamento	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Clasifícanse documentos en función das actividades da unidade
CA2.2 Identifícanse as características dos documentos utilizados na unidade
CA2.3 Establecéronse os fluxos de tramitación de documentos na unidade
CA2.4 Cubríronse documentos seguindo os protocolos establecidos
CA2.5 Aplicáronse os sistemas de codificación e rexistro da documentación segundo a súa finalidade, seguindo os protocolos da unidade
CA2.6 Arquiváronse e cuestionáronse documentos seguindo as normas establecidas
CA2.7 Xestionouse a documentación respectando a confidencialidade dos datos e o segredo profesional
CA2.8 Utilizáronse programas informáticos de xestión de documentos na unidade

4.2.e) Contidos

Contidos
Documentos e rexistros da unidade de saúde ambiental.

Contidos
<p>0Programas informáticos de xestión documental.</p> <p>Características e tipos de documentación segundo a actividade.</p> <p>Tramitación de documentos.</p> <p>Criterios e condicións de formalización.</p> <p>Documentación científico-técnica. Recepción, rexistro e distribución. Sistemas de intercambio de información a nivel estatal e a nivel europeo.</p> <p>Arquivamento e custodia de documentos.</p> <p>Normas de certificación e acreditación (ISO, UNE e EN).</p> <p>Lexislación de protección de datos.</p> <p>Segredo profesional.</p>

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Xestión e control de almacén. Seguridade e hixiene	16

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Xestiona os recursos materiais de unidades de saúde ambiental, aplicando técnicas de loxística	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícanse os recursos materiais necesarios segundo as características da unidade de saúde ambiental
CA3.2 Confeccionáronse pedidos de materiais e outros elementos tendo en conta protocolos establecidos
CA3.3 Recibiuse o pedido e comprobáronse as condicións dos produtos

Criterios de avaliación
CA3.4 Selecciónáronse métodos e condicións de almacenamento e conservación dos produtos e dos materiais
CA3.5 Aplicáronse criterios de orde na xestión dos recursos materiais das unidades de saúde ambiental
CA3.6 Establecéronse criterios para o control de existencias
CA3.7 Realizouse o control de existencias
CA3.8 Realizouse o inventario de materiais
CA3.9 Utilizáronse programas informáticos de xestión e control de almacén
CA3.10 Seguíronse as normas de seguridade e hixiene na xestión dos recursos materiais das unidades de saúde ambiental

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Recursos materiais inventariables e funxibles.</p> <p>Pedidos e recepción de materiais.</p> <p>Sistemas e técnicas de almacenaxe.</p> <p>Control de existencias. Documentos de control de existencias. Fichas de almacén.</p> <p>Inventarios.</p> <p>Aplicacións informáticas de xestión e control de almacén.</p> <p>Normativa de seguridade e hixiene. Seguridade e hixiene en almacéns das unidades de saúde ambiental.</p>

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Preparación, posta en marcha e mantemento de equipamentos	16

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza a preparación e a posta en marcha de equipamentos da unidade de saúde ambiental, e programa as súas actividades de funcionamento e de mantemento	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Identifícaronse as características técnicas, as funcións e as condicións de uso dos equipamentos da unidade de saúde ambiental
CA4.2 Interpretáronse instrucións e fichas de seguridade de equipamentos para manter as condicións de uso
CA4.3 Verificáronse e calibráronse os equipamentos da unidade de saúde ambiental segundo os procedementos establecidos
CA4.4 Programáronse e realizáronse actividades de limpeza, desinfección e esterilización seguindo os protocolos establecidos
CA4.5 Elaborouse un plan de revisións de equipamentos da unidade de saúde ambiental
CA4.6 Realizáronse actividades de mantemento e reparación básica de equipamentos da unidade de saúde ambiental seguindo os procedementos normalizados de traballo
CA4.7 Cubríronse os documentos do sistema de calidade referentes ao mantemento e á calibración dos equipamentos
CA4.8 Identifícaronse as normas de prevención de riscos laborais asociadas ao manexo do equipamento da unidade de saúde ambiental

4.4.e) Contidos

Contidos
Equipamento dunha unidade de saúde ambiental.
Verificación e calibración de equipamentos da unidade de saúde ambiental.
Control da limpeza, desinfección e esterilización.
Mantemento e reparación básica de equipamentos. Plan de revisións de equipamentos.
Documentación referente ao mantemento e á calibración de equipamentos.

Contidos
Riscos laborais e precaucións asociados ao manexo de equipamento da unidade de saúde ambiental.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Elaboración de informes. Estadística aplicada	23

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Elabora informes e resumos de actividade da unidade de saúde ambiental, utilizando métodos de tratamento de datos e aplicacións informáticas	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Mantivéronse operativas e actualizadas as bases de datos relacionadas coas actividades da unidade de saúde ambiental
CA5.2 Definíronse formatos de presentación da información tendo en conta o tipo e a finalidade da información, e as características do programa informático utilizado
CA5.3 Seguironse os procedementos e os códigos establecidos no rexistro de actividades
CA5.4 Identificáronse métodos de avaliación de datos obtidos
CA5.5 Aplicáronse procedementos de tabulación de datos
CA5.6 Realizáronse o cálculo e a análise estatística de datos
CA5.7 Elaboráronse informes e resumos cos resultados obtidos, comparando co que marca a normativa
CA5.8 Comparáronse os resultados obtidos cos doutras actividades

Crterios de avaliación

CA5.9 Respectáronse os protocolos e as normas de traballo establecidos

CA5.10 Utilizouse a terminoloxía técnico-científica na documentación elaborada

CA5.11 Elaboráronse informes e resumos de actividade respectando a confidencialidade dos datos

4.5.e) Contidos**Contidos**

Bases de datos. Avaliación da calidade das bases de datos: elección da mostra.

Presentación da información. Formatos de presentación.

Rexistro de actividades.

Procedementos de tabulación de datos.

Estatística aplicada. Mostras, poboacións e tipos de variables. Estatística descritiva univariante. Estatística descritiva bivariante.

Programas informáticos estatísticos.

Terminoloxía técnico-científica na elaboración de informes.

Confidencialidade dos datos na elaboración de informes e resumos de actividade.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**5.1.- MÍNIMOS EXIXIBLES:**

Os contidos mínimos esixibles para acadar a avaliación positiva do módulo son:

- Especificáronse as competencias de saúde ambiental de cada Administración.
- Describiuse a estrutura organizativa e funcional dos centros, das unidades e dos servizos de saúde ambiental.

- Identifícanse os servizos de sanidade ambiental.
- Clasifícanse documentos en función das actividades da unidade.
- Identifícanse as características dos documentos utilizados na unidade.
- Identifícanse os recursos materiais necesarios segundo as características da unidade de saúde ambiental.
- Seleccionáronse métodos e condicións de almacenamento e conservación dos produtos e dos materiais.
- Identifícanse as características técnicas, as funcións e as condicións de uso dos equipamentos da unidade de saúde ambiental.
- Interpretáronse instrucións e fichas de seguridade de equipamentos para manter as condicións de uso.
- Mantivéronse operativas e actualizadas as bases de datos relacionadas coas actividades da unidade de saúde ambiental.
- Definíronse formatos de presentación da información tendo en conta o tipo e a finalidade da información, e as características do programa informático utilizado.
- Identifícanse métodos de avaliación de datos obtidos.
- Realizáronse o cálculo e a análise estatística de datos.
- Elaboráronse informes e resumos cos resultados obtidos, comparando co que marca a normativa.

5.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Para cada criterio de avaliación establécese unha escala de 1 a 10 puntos, sendo suficiente para alcanzar unha avaliación positiva obter un desempeño de 5 puntos sobre 10.

5.2.1- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

- A) Probas (Teórica-Práctica) 80% do total da nota.
- B) Tarefas (traballos, exposicións): 20% do total da nota.

5.2.2- INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

- A) Probas (Teórica e práctica):

Realízase polo menos unha proba para avaliar a asimilación de contidos por cada avaliación. Esta proba poderá ser de preguntas curtas, preguntas longas, preguntas de relacionar e/ou tipo test, dos contidos conceptuais e/ou aplicación dos mesmos, contidos teóricos e prácticos. Puntuarase de 0 a 10.

Para acceder ás probas é necesario que o alumno/a identifícase co DNI, pasaporte ou carné de conducir.

Permitirase a entrada ao exame ás persoas que se presenten con atraso, sempre que non saíse ninguén, pero sen que por iso se lle conceda máis tempo para a realización da proba (a proba terminará á mesma hora que se indicou ao seu comezo, independentemente de que a persoa se incorporase con posterioridade).

B) Tarefas(Traballos e exposicións) :

Cualificaranse mediante unha lista de cotexo, rúbrica e/ou táboa de observación. Serán obrigatorias. Nelas, valorarase non só o dominio dos contidos impartidos senón tamén a expresión escrita e o rigor das explicacións e a capacidade de síntese.

Non se recollerán tarefas fóra de prazo. As tarefas non entregadas, en tempo e en forma, serán cualificadas cun cero e serán consideradas para o cálculo da nota media dese apartado.

As tarefas propostas ponderarán ao 20% despois de realizar a media aritmética de todas as tarefas propostas, puntuándose cada unha delas de 0 a 10.

No caso de que nunha avaliación non se propuxeran tarefas, a porcentaxe correspondente sumarase á porcentaxe das probas.

Unha vez ponderadas e feitas todas as medias das diferentes partes, aplicarase o seguinte criterio de redondeo que só se aplicará nas cifras decimais e sempre que estas sexan igual ou superior a 0,50 puntos. Nese caso, a nota aproximarase á inmediatamente seguinte nota enteira. Por tanto, o cálculo das medias e das porcentaxes parciais non estarán afectados polo criterio de redondeo.

5.3 MÓDULO APROBADO:

A nota final do módulo será a media das notas obtidas nas dúas avaliacións, reflexándose dita nota na segunda avaliación que coincidirá coa final. Para a cualificación final, non se fará media se non se aprobaron todas as avaliacións parciais (para superar a avaliación é necesario acadar un 5 sobre 10 na nota da avaliación, calculándose esta nota aplicando as porcentaxes anteriores). Para superar o módulo será preciso acadar 5 puntos sobre 10 na media así calculada.

Unha vez ponderadas e feitas todas as medias das diferentes partes, aplicarase o seguinte criterio de redondeo que só se aplicará nas cifras decimais e sempre que estas sexan igual ou superior a 0,50 puntos. Nese caso, a nota aproximarase á inmediatamente seguinte nota enteira. Por tanto, o cálculo das medias e das porcentaxes parciais non estarán afectados polo criterio de redondeo.

IMPORTANTE:

De acordo co Decreto 8/2015, polo que se establece a Lei 4/2011, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, así como das normas , organización e funcionamento do centro, queda terminantemente prohibido dispoñer de teléfonos, tabletas ou calquera outro dispositivo electrónico (excepto a calculadora científica non programable) ou empregalos durante as xornadas lectivas, tanto na aula como no laboratorio de prácticas ou lugar onde se desenvolvan as actividades formativas, salvo autorización expresa do profesorado.

Calquera tipo de actitude fraudulenta levada a cabo na realización das probas (por exemplo, o emprego de material non permitido como calculadoras científicas programables, apuntamentos, libros, ferramentas de gravación e lectura dixitais, smart- watch, o emprego de sistemas de escoita remota, pinganillos, etc) implicará que o profesor retire o exame e a proba sexa cualificada con cero puntos.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Plan de actividades de recuperación

Ao alumnado que non supere algunha avaliación , daránselle as orientacións e apoios necesarios para que o superen tendo en conta para iso, os contidos mínimos esixibles e os seus criterios de avaliación asociados.

Así estableceríamos:

Alumnado que a o longo do curso non supere algunha das avaliacións realizadas

Aos alumnos que durante o curso non superen as distintas avaliacións ou requiran algún reforzo, por observarse algún problema no aprendizaxe, facilitaránselles actividades de recuperación e reforzo que poderán consistir en:

- Realización de traballos, resolución de cuestionarios, exercicios prácticos, sobre aqueles aspectos nos que se detectaran maiores deficiencias.
- Comentario e análise das tarefas realizadas e resolución de dúbidas xurdidas.
- Repetición de determinadas actividades, cando se observase que na súa realización o alumno non dedicou o suficiente tempo ou esforzo.

Proceso de avaliación da recuperación

Alumnado que a o longo do curso non supere algunha das avaliacións realizadas

O alumnado que, nalgunha avaliación, obteña unha cualificación inferior a 5 puntos, deberá realizar unha proba escrita sobre as contidos da avaliación non superada.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Segundo a Orde do 12 de xullo de 2011 (DOG do 15/07/2011), establécese que ou alumno/a non poderá deixar de asistir a máis dun 10% da duración lectiva do módulo, xa que perdería ou dereito á avaliación continua, establecéndose un sistema extraordinario de avaliación para este alumnado, que se concreta nunha única proba teórico-práctica final que permita valorar o seu nivel de coñecementos.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Realizárase mensualmente unha análise do seguimento da programación na aplicación informática implantada para tal fin. Este seguimento será supervisado polo xefe de departamento, segundo indica o procedemento. No seguimento detallaranse as razóns no desvío do cumprimento da programación, coa fin de correxir as posibles carencias ou axustar en cursos sucesivos, a programación a situación real. No seguimento mensual avaliarase a programación desenvolvida neste período e sinalaranse aquelas actividades que non se poideron realizar e as súas causas; asemade as melloras e trocos que se deberían acometer para mellorar a citada programación.

No remate do curso pasaráselle unha enquisa ó alumnado para coñecer o seu grao de satisfacción, os puntos positivos e as suxestións para posibles melloras da programación o módulo.

Ao final do curso farase unha avaliación sumativa na que se valore o axuste de todos os elementos curriculares propostos nesta programación:

obxectivos, contidos, metodoloxía, avaliación,... As conclusións desta avaliación final recolleranse nun documento que formará parte da memoria do ciclo.

A avaliación da práctica docente terá en conta dous aspectos:

- A análise persoal e con sentido crítico da marcha do curso, os resultados académicos..., comprobando se o alumnado entende e asimila os conceptos estudados.
- A opinión do alumnado, a través dunha enquisa a fin de curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realízase unha proba de avaliación inicial para detectar ás distintas capacidades do alumnado deste curso, tras a que se aplicarán medidas de atención que permitan que a medio prazo todo o alumnado poida alcanzar os obxectivos definidos para o presente módulo

O noso sistema educativo, dende o principio de normalización, establece que todo o alumnado, teñan as dificultades ou necesidades que sexan, serán atendidos a través das medidas máis ordinarias posibles e soamente non caso de necesidade empregaranse medidas extraordinarias, é dicir, debemos atender ao alumnado en contextos normalizados, sempre que sexa posible.

O alumnado con NEAE clasifícanse en tres categorías (Decreto 320/96 e Orde 6 de outubro de 1995):

- NEE (necesidades educativas especiais asociadas a déficits ou carencias).
- Altas capacidades intelectuais ou alumnado con sobredotación (talento por enriba da norma nun campo determinado).

- Incorporación tardía ao sistema educativo (estranxeiros, etc.).

Alumnado con NEE (necesidades educativas especiais asociadas a déficits ou carencias):

Debido ao nivel da etapa educativa, non existe este tipo de alumnado nos ciclos formativos superiores e non caso de que houberse alumnos/ás con algún tipo de deficiencias, normalmente están moi adaptados e integrados nos grupos, contando sempre con moito apoio por parte dos seus compañeiros/as.

Alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con sobredotación:

A nivel legal temos a Orde 28 de outubro de 1996 como medida ordinaria: reforzo educativo onde podemos proporcionarlle recursos e materiais adicionais, actividades complementarias ou outros elementos non prescri-tivos do currículo e que o alumnado requira (bibliografía, busca de información, traballos guiados, etc.).

Incorporación tardía ao sistema educativo:

A inmigración é unha característica cada vez máis frecuente dos nosos centros co que, a través das nosas ensinanzas, debemos favorecer a integración deste alumnado xa que moitas veces, por dificultades na lingua ou por desfase curricular, atópase con bastantes dificultades para seguir a aprendizaxe.

Na formación profesional, segundo a normativa legal, non prevense medidas específicas de apoio a este terceiro grupo. Nos outros dous casos de alumnado NEAE, aplicaranse MAD (Medidas de Apoio Didáctico) por medio do Departamento de Orientación do centro: PT: pedagogo/a terapéuta e orienta-dor/a do centro.

O equipo de orientación escolar encargarase de asesorar ao alumnado, as familias e ao profesorado.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para este alumnado, en base as carencias reflectidas no informe individualizado, planificaránselle actividades de recuperación consistentes en: materiais, traballos e boletins de exercicios de distinto grado de dificultade, repaso dos contidos.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Aparecen asociados a todas as áreas de coñecemento pola indubidable relevancia social e a problemática e a carga moral que conlevan:

- Educación para a paz.
- Educación en valores.
- Educación para a igualdade.
- Educación para a solidariedade e a inclusión
- Prevención dous riscos laborais non traballo.
- Educación ambiental.
- Educación para a saúde.
- Educación sexual.
- Educación cívica.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Se a organización fora posible, faranse visitas a empresas do entorno abarcando distintos sectores productivos, relacionados cás competencias do título de Técnico Superior en Saúde Ambiental . Estas visitas, que se pretende levar a cabo ó longo do curso, por un lado serven de enlace co entorno laboral e profesional futuro do alumnado e, por outro, son un complemento das actividades puramente lectivas reforzando os contidos impartidos no centro de ensino.

Asistencia ás posibles actividades extraescolares que se poidan realizar desde o departamento /ou o centro: conferencias, foros, visitas didácticas, webinarios etc.

10. Outros apartados

10.1) Bibliografía

Losada Pasín M^a Astrid. Operaciones administrativas y documentación sanitaria. Macmillan education, 2019